

Xulio Sousa Fernández (1994): “O artigo cos nomes propios de persoa no galego moderno”, en Ramón Lorenzo (ed.): *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas. Universidade de Santiago de Compostela, 1989*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, vol. VI, 309-316.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

O artigo cos nomes propios de persoa no galego moderno

Xulio César Sousa Fernández

(Instituto da Lingua Galega - Universidade de Santiago de Compostela)

Tentamos con esta comunicación facer unha pequena achega a unha cuestión que tradicionalmente foi obviada ou tratada superficialmente polos estudiosos do galego e daquelas linguas irmás nas que tamén atopámo-la concorrencia destes dous elementos.

Ocuparémonos unicamente dos nomes propios de persoa ou nomes de pía e naquelas ocasións en que estes aparecen acompañados de artigos definidos na súa forma singular. Deixamos fóra da nosa atención os apelidos, alcumes e aqueloutros sintagmas con nomes propios en que o artigo aparece en plural.

Introducción.

O fenómeno da aparición do artigo definido co nome propio de persoa non é algo exclusivo do galego, este feito prodúcese noutras linguas románicas de xeito similar e como nolo dan a coñece-las súas gramáticas ou os estudos particulares realizados xa ben sobre o nome propio ou sobre os usos do artigo.

Con frecuencia, e excepto en linguas como o catalán para o que a norma recolle como preceptivo o uso de artigo definido cos nomes propios persoais, os gramáticos e estudiosos analizan frívolamente esta cuestión argumentando que o emprego de artigo nestes casos se aparta da norma e é propio de rexistros vulgares ou de determinadas zonas dialectais (Álvarez, 1986, p. 119; Alarcos, 1967, p. 23; Lapa, 1977, p. 120; Cunha, 1987, p. 227; Renzi, 1976, p. 17). O deixar arredado este uso da ortodoxia gramatical simplifica ou anula as explicacións que se habían dar do problema. Así atopamos que sendo un fenómeno que aparece con distinta frecuencia nalgunhas linguas románicas, a explicación que se lle dá coincide esencialmente en tódolos estudos que nós consultamos. Isto indica a falta de atención que os investigadores lle prestaron e a case total inexistencia de análises serias que reparasen neste feito gramatical¹.

A coincidencia no tratamento e na análise desta cuestión débese a que a explicación que se lle veu dando ó problema foi herdada sen reparo duns estudiosos a outros e entre os distintos idiomas románicos. As gramáticas e estudos gramaticais franceses, galegos, españois, italianos e portugueses coinciden na abordaxe e uns repiten o dito polos outros afirmando que nestes casos en que atopamos artigo con nome propio –remarcando sempre que se trata dun feito que se encontra fóra da norma e propio de rexistros vulgares ou dialectais– o artigo adoita engadir un matiz de afectividade cara á persoa indicada polo nome propio, e en ocasións este matiz faise despectivo ou pexorativo (Álvarez Blanco, 1986, p. 145; Álvarez, 1989, p. 102; Renzi, 1976, p. 17; Lapa 1977, pp. 120-121).

Esta explicación pode ser válida para dar conta daqueles casos en que na lingua literaria aparecen usos de artigo con nome propio de persoa para arremeda-la fala vulgar ou tamén cando na fala coloquial o uso do artigo é opcional (Renzi, 1976, p. 17). Agora ben, cando a aparición do artigo co nome propio é norma na fala dun dominio lingüístico ou nunha área dialectal determinada, esta interpretación non pode ser aceptada como correcta. Se a norma é a presenza constante do artigo non podemos argumentar que a función deste sexa darlle un valor afectivo ou pexorativo ó nome propio, xa que daquela estaríamos a afirmar que sempre que un falante desa lingua ou variante dialectal emprega un nome propio faino expresando cariño ou menosprecio para a persoa referida.

Cómpre analiza-los casos de concorrencia e comproba-lo valor ou a función que pode te-lo elemento determinante naqueles contextos en que aparece acompañando o nome propio. Revisaremos primeiro as características xerais destes dous elementos e despois tentaremos aborda-lo problema dentro do galego.

Artigo e nome propio.

Nas análises e comparacións das particularidades do nome propio fronte ó común destácase o rexeitamento do primeiro de todo tipo de determinación (López García, 1985, p. 39), e de xeito máis específico dise que o nome propio se caracteriza sintagmaticamente pola ausencia de artigo² (Kurjłowicz, 1966, p. 365). Amais engádeselle o feito de que o nome propio se distingue do común por denotar realidades individuais ou singulares, é dicir, designa un referente único e coñecido polo que non precisa presentación.

O artigo, pola súa banda, acostuma desempeñar unha serie de funcións ó acompañalo nome común que o nome propio polas súas características semella non precisar. Alarcos nun estudo sobre as funcións e valores do artigo en español (Alarcos, 1967, p. 23) nega a posibilidade de

variación no nome propio entre formas con artigo e formas sen artigo e di que o nome propio de seu ten valores que o artigo lle outorga ó nome común. "Puede pensarse" conclúe "que el papel del artículo consiste en trasponer los nombres comunes a la categoría de nombres propios" (Alarcos, 1967, p. 23).

Todas estas teorizacións son feitas ó abeiro dunha norma aceptada tacitamente pola que só se dan como preceptivos os empregos de nome propio sen artigo, tódolos usos que se aparten deste considéranse vulgaridades dialectais ou de estilo. Xa que logo, entre as particularidades do nome propio non poderá entrar nunca a de ser un elemento con posibilidade de combinación cun artigo definido.

Tendo en conta as características dos dous elementos que entran en xogo na construción que estamos a analizar, podíamos en principio nega-la posibilidade de compatibilidade entre eles, xa que se o nome propio designa un individuo único e coñecido (Renzi, 1976, p. 17; Kuryłowicz, 1966, p. 362), non precisa de ningún presentador ou determinante, e se este aparece só cabe interpretalo coma un "feito de redundancia" (Renzi, 1976, p. 17).

O artigo con nome propio de persoa en galego.

A tradición gramatical galega, nacida a mediados do século pasado e fortemente influenciada pola española, non deu conta ata hai ben pouco da situación real deste idioma respecto do problema que nos ocupa, e nin sequera os estudos dialectais constataron a existencia dunha ampla zona na que a construción artigo definido con nome propio de persoa é preceptiva. Soamente na gramática galega máis recente se afirma que "en galego coma noutras linguas os nomes propios aparecen precedidos de artigo" (Álvarez Blanco, 1986, p. 144). Así e todo no tratamento dado nesta mesma obra ós nomes propios de persoa déixase senti-lo peso da tradición gramatical á que antes fixemos referencia e, aínda que non se fale de vulgarismo nin de dialectalismo, asegúrase que o artigo engade ó nome propio unhas veces un certo ton de familiaridade e outras un matiz de desprecio ou falta de cortesía.

Ata o momento a análise máis ampla e detallada sobre o problema atopámola nunha tese de licenciatura inédita titulada *O artigo: funcións, valores e usos*, obra da profesora Hermida Gulías (Hermida, 1986). Nun dos seus apartados (Hermida, 1986, pp. 188-206) ocúpase do emprego do artigo co nome propio de persoa e fundamenta o seu estudio en exemplos de textos dialectais e datos tirados das enquisas do *Atlas Lingüístico Galego*³. Despois dunha primeira análise conclúe que na área lingüística galega se poden distinguir dúas zonas atendendo á aparición do artigo co nome

propio de persoa: unha onde o emprego é preceptivo e outra onde o artigo non aparece nunca ou o seu uso é opcional. Dentro da primeira área, que é a que a nós nos interesa, encontramos dous contextos nos que o artigo definido nunca se presenta:

a) Cando o nome propio é un vocativo:

*Celsa, ven aquí e dime como se fai isto*⁴.

b) Naqueles casos en que o nome propio non fai referencia a un individuo concreto, senón que se emprega no seu sentido xenérico⁵:

Adrián éche un nome ben bonito para home,

en que *Adrián* non se refire a unha determinada persoa senón ó nome de pía.

Dentro deste segundo grupo debemos incluí-los casos en que o nome propio é un implemento de verbos como *chamar*, *quedar*, *poñer*, etc.⁶, cos que o nome propio está tamén empregado no seu sentido xenérico:

Puxéronlle Xela por causa da súa avoa.

Chámanlle Roberto pero el é Alberto.

Quedoulle Maruxa e aínda lle chaman así.

No resto das concorrencias en que atopamos nome propio a aparición ou non do artigo dependerá da área dialectal da que se trate; nunha será norma e noutra simplemente unha opción (Hermida, 1986, p. 193)⁷.

A función do artigo.

Como sinalamos anteriormente, a repetida teoría de que o artigo engade un matiz despectivo ou de familiaridade cando acompaña o nome propio non é aceptable no caso que nos ocupa. Esta explicación só cabe a posibilidade de que sexa válida cando o emprego é opcional, pero non se este é unha constante. Cómpre logo buscar outra interpretación que poida dar conta do valor e función do artigo nestas construcións.

Renzi, dubidando que a teoría estilística sexa válida en tódolos casos de aparición do artigo (Renzi, 1976, p. 17), emprega o concepto da dobre determinación. O nome propio considérase que xa está de seu suficientemente determinado, polo tanto o emprego do artigo é redundante.

Cando Hermida intenta busca-lo porqué da presenza do artigo, e despois de nega-la existencia de razóns funcionais que esixan o seu emprego, dirixe as súas reflexións á procura da orixe deste sintagma.

Segundo ela a construción con artigo é innovadora, non atopamos exemplos no galego medieval (Fernández, 1971, pp. 68-74), e procede dun movemento de nivelación analóxica das estruturas clausais. A finalidade deste movemento sería a igualación das cláusulas con nome propio con aquelas constituídas por nomes comúns, a diferenza entre as dúas estaba na falta de artigo das primeiras; ó engadir este elemento ó nome propio quedaban os dous sintagmas equilibrados (Art. - Nome común / propio - Verbo - Complementos).

Esta interpretación podemos considera-la válida para aclara-la orixe do sintagma e existen unha serie de argumentos que a avalan. O máis sólido é o feito de que a frecuencia de aparición do artigo varía segundo o nome propio encabece ou non un enunciado⁸; a presenza do artigo é maior no primeiro caso ca no segundo. Así e todo, esta explicación da orixe non resulta incompatible coa posible existencia dalgunha función do artigo nos casos en que aparece. Amais, esta interpretación non ten en conta nin xustifica os dous contextos en que o artigo non concorre no sintagma.

Precisamos analizar se dentro desta área en que a presenza do artigo é norma podemos detectar algunha función neste elemento que distinga os casos de aparición dos de ausencia.

Como describimos con anterioridade, os casos en que non atopamos artigo con nome propio son unicamente dous: cando o nome propio é vocativo e cando aparece empregado no seu valor xenérico (refírese a un nome en abstracto e non a unha persoa en particular). Co vocativo o comportamento do nome propio segue o doutros elementos no mesmo contexto, os posesivos en vocativos aparecen tamén sen artigo (Álvarez Blanco, 1986, p. 152). Algo ben distinto ocorre no outro caso de non aparición do artigo, os motivos non residen na estrutura entoativa senón que están relacionados co sentido en que é empregado o nome propio. Este non designa un ser particular e individualizado senón que está empregado de xeito xenérico. O nome propio non responde á maioría das características que se lle adoitan atribuír: identificar sen ambigüidade, individualizar, etc. (Kurjłowicz, 1966, pp. 362-363; López, 1985, pp. 39-40; Kleiber, 1981, pp. 326-329).

O enunciado

(1) *Antonio é máis bonito ca Manuel,*

na zona dialectal na que o artigo non é norma conlevaría ambigüidade, pois podíamos entender de dúas maneiras:

a) que o nome *Antonio* é máis bonito có nome *Manuel*,

b) que a persoa que ten por nome *Antonio* ten cualidades físicas que a fan máis fermosa ca outra chamada *Manuel*.

Sen embargo na área dialectal na que o fenómeno que estamos a analizar é unha constante, esta ambigüidade quedaría resolta coa aparición do artigo. Así o enunciado (1) só sería entendido no sentido a), mentres que para manifesta-lo significado de b) se empregaría o enunciado

(2) *O Antonio é máis bonito có Manuel.*

Mediante o artigo distínguense os dous valores do nome propio. Na súa ausencia o nome propio ten un significado xenérico e cando o artigo aparece acompañándoo, individualízao e determínoo. O nome propio aparece concretado e particularizado.

Non ten logo o artigo unha función redundante senón que distingue con claridade os dous sentidos en se pode entende-lo nome propio. O artigo nestes casos está a desempeñar unha función semellante á que realiza cos nomes comúns, diferencia os dous sentidos do nome, está a facer unha restricción sobre a extensión na que se pode entende-lo nome. O artigo fai que o nome propio pase de ser un nome clasificador a un nome identificador (Alarcos, 1967, p. 24).

A miña proposta de análise do fenómeno ten as súas limitacións xa que só é aplicable para explica-la presenza do artigo naquela zona dialectal en que o emprego deste co nome propio é norma. Será preciso amplialo estudio e comprobar se na outra zona o uso do artigo é un resto dun estadio anterior en que o elemento era preceptivo ou se o emprego está rexido por algunha outra causa. Tamén achegaríase máis datos clarificadores o coñecemento da distribución dialectal dos usos do artigo cos nomes dos días da semana, xa que estes parecen presentar un comportamento semellante ó dos nomes propios de persoa.

BIBLIOGRAFÍA

- Alarcos Llorach, E., "El artículo en español", en *To Honor R. Jakobson*, The Hague, Mouton, 1967.
- Alcina Franch, J. / Blecua, J. M., *Gramática española*, Barcelona, Ariel, 1988.
- Álvarez, R. / Regueira, X. L. / Monteagudo, H., *Gramática galega*, Vigo, Galaxia, 1986.
- Álvarez Martínez, *El artículo como entidad funcional en el español de hoy*, Madrid, Gredos, 1986.
- Branco, J. Gomes / Martins, Felisberto, *Gramática portuguesa elementar* (1º ciclo do ensino liceal), Lisboa, Empresa Literária Fluminense, 1963.
- Burge, T., "Reference and Proper Names", en *Journal of Philosophy* 70, 1973.
- Câmara Jr., J. Mattoso, *Princípios de lingüística geral*, Rio de Janeiro, 1942.
- Carballo Calero, R., *Gramática elemental del gallego común*, Vigo, Galaxia, 1979.

- Cegalla, D. Paschoal, *Novíssima Gramática da língua portuguesa*, São Paulo, Companhia Editora Nacional, 1985.
- Clarival, B., "Essai sur le statut linguistique du nom propre", en *Cahiers de Lexicologie* 11, 1967.
- Coseriu, E., "Determinación y entorno", en *Teoría del lenguaje y lingüística general*, Madrid, Ed. Gredos, 1969.
- Cunha, C. / Cintra, L., *Nova gramática do português contemporâneo*, Lisboa, Edições João Sá da Costa, 1987.
- Dubois, J., *Grammaire structurale du français: nom et prénom*, Paris, Larousse, 1965.
- Dubois, J. / Lagane, René, *La nouvelle grammaire du français*, Paris, Larousse, 1973.
- Dubois, J. e outros, *Diccionario de Lingüística*, Madrid, Alianza Editorial, 1979.
- Fernández Jiménez, M^a. J., *Estudio histórico del artículo gallego*, Tese de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela, 1971. Inédita.
- Hermida Gulías, C., *O artigo: funcións, valores e usos*, Tese de licenciatura, Santiago de Compostela, 1986. Inédita.
- Kleiber, G., *Problèmes de référence: descriptions définies et noms propres*, Centre d'Analyse Syntaxique de l'Université de Metz, 1981.
- Kurylowicz, J., "La position linguistique du nom propre", en E. P. Hamp, F. W. Houselder e R. Austerlitz (eds.), *Reading in Linguistics*, II, Chicago, University of Chicago Press, 1966.
- Lapa, M. Rodrigues, *Estilística da Língua Portuguesa*, Coimbra Editora, 1977.
- López García, A., "Lo propio del nombre propio", en *Lingüística Española Actual* VII, 1985.
- Lugrís Freire, M., *Gramática do idioma galego*, 2ª edición correxida e aumentada, A Cruña, Imprenta Moret, 1931.
- Marbá, J., *Curs superior de gramàtica catalana*, Barcelona, Barcino, 1985.
- Mirás, F., *Gramática*, Madrid, 1978, Akal Editor (facsimil da edición de 1864).
- Renzi, L., "Grammatica e storia dell'articolo italiano", en *Studi di Grammatica Italiana* 5, 1976.
- Saco Arce, Juan A., *Gramática gallega*, Lugo, Imprenta Soto Freire, 1868.
- Sorensen, H. S., *The meaning of Proper Names*, Copenhagen, G. E. C. Gad Publisher, 1963.
- Trujillo, R., "La cuestión del artículo en español", *Verba* 14, 1987.
- Vázquez Cuesta, P. / da Luz, M. A. Mendes, *Gramática da língua portuguesa*, Lisboa, Edições 70, 1971.
- Veny, J., *Introducció a la dialectologia catalana*, Barcelona, Enciclopèdia Catalana, 1985.

NOTAS

1. Un caso paradigmático é o do portugués peninsular. Os estudiosos desta lingua, anque afirman que en portugués "os nomes próprios de persoas (de baptismo e de familia) não levam Artigo" (Cunha, 1987, p. 226; Lapa, 1977, p. 82), anotan que a construción de nome propio sen artigo só é posible na "linguagem escrita" (Cunha, 1987, p. 227).
2. Kleiber, 1981, p. 300, xa afirma a caducidade da definición de nome propio como nome sen determinante e propón unha definición non sintagmática senón semántica e pragmática.
3. Cuestionario do *Atlas Lingüístico Galego*, preguntas 477 (Os bens do Miguel), 490 (Xan é o noso veciño) e 402 (A Miguel collérono preso).
4. Os exemplos son da miña autoría.
5. A miña clasificación é diferente da feita por Hermida. Esta autora distingue por un lado o caso dos vocativos e por outro o dos implementos (Hermida, 1986, p. 189). Considero que este segundo grupo é máis amplo xa que non só entran nel os implementos senón todos aqueles casos en que o nome propio ten un significado xenérico.
6. Quedan fóra aqueles casos en que o nome propio como implemento aparece adxectivo (Hermida, 1986, p. 189).
7. Como sinalamos ó principio desta comunicación, só nos estamos a ocupar do sintagma artigo determinado singular e nome propio. Aqueles contextos en que o nome propio aparece adxectivo presentan un comportamento particular dependente non só do elemento adxectivo senón tamén da zona dialectal da que se trate.
8. Son de interese os mapas que acompañan o capítulo referido da obra da profesora Hermida (Hermida, 1986, pp. 192, 200 e 201).